

Parladoiro con... Andrea Fernández Maneiro

Martiño Maseda 9 de outubro de 2024

<http://culturaliagz.com/?p=16868>

Desde o primeiro momento aceptou manter esta conversa, e non porque sexa amiga (que tamén), senón porque o espírito inqueda de Andrea Fernández Maneiro non lle permite ficar indiferente aos retos que se lle presentan, e este diálogo, sen ser un reto, tampouco quixo deixalo pasar. Feito que lle agradezo ben. Premiada en certames poéticos de referencia no panorama literario galego coma o López Ardeiro no que foi finalista, e gañadora do Leiras Pulpeiro, o Torre de Caldaloba, o Illas Sisargas, o Eduardo Pondal ou o do Concello de Vilalba. Dos cales xurdiron títulos de obras como *Migratoria*, *Inventario dun adeus*, *Expiratoria*, *Contra-Tempos*, *Edénicas*, *Voto de silencio* ou *Meridiano Orixe*. Porque esta *carrilexa*, nacida na madrugada dun martes de entroido, ademais de considerarse unha afoghacristos orgullosa, medrou cos loureiros de Cortegada e os libros.

O primeiro poema de *Meridiano Orixe*, obra gañadora na 50ª edición do Certame de Poesía do Concello de Vilalba, di: *Son gaivota.// Dende terra,/ illa e faro nárranme/ historias de monstros mariños*. Como observa a Andrea *carrilexa* e poeta esas historias que a diario acontecen no mar ou fóra del, cheas de monstros que trafican coa vida humana ou que violentan a súa existencia?

Co mesmo horror que se saíra do mar o mesmo Cthulhu tentando converternos en seres apegados ás riquezas e á inmortalidade, á que nunca chegaremos afortunadamente.

Hai tantos lugares e mares cheos de cadaleitos de auga e area, dos que non se contan nos informativos porque quedan lonxe, e como non nos afectan directamente carecen de “importancia”. Loxicamente é inviable contalo todo, teríamos telexornais infinitos de desgrazas pero, a min, chégame o runrún e dóeme. Hai xa anos que procuro eludir o ler as novas, mais non podo evitar que me cheghen os estoupidos das bombas de Palestina, de Ucraína ou Iemén. Teño un oído sensible.

Os mares son lugares de traxedias e o peor de todo é que nós afacémonos a vélas, semella que estamos inmunizados e iso para min é case máis agresivo e violento.

Na túa [biografía](#) da [AELG](#) dise que a túa vocación e profesión é locutora de radio. Mais a Andrea poeta ou escritora tamén ocupará un rol moi importante, non?

Claro, todo é importante, pero relativicemos, non é tan relevante o que facemos senón se aquilo que facemos serve de algo, cousa que por outra parte eu descoñezo.

Polo tanto, a min todo o que fago sérveme para superar as frustracións de cotío e empatizar co mundo que me rodea.

Sentes paixón por viaxar, e boa mostra diso é a constatación gráfica que traes de cada lugar que visitas, de cada emoción nacida nesas estadías exteriores. Entenderías (entenderíase) a túa esencia sen esa chamada viaxeira?

Por suposto que non, eu son das que penso que viaxar (non viaxes organizadas) é importante se tes a intención de aprender algo, se conservas a capacidade de asombro e a curiosidade por outras culturas, pero sobre todo polas persoas, isto é o que me move; consegue que vaia perdendo prexuízos, que entenda (aínda que non comparta) outros xeitos de vivir, que, en moitas ocasións, me indigne (cousa ben sinxela para min) pero, por riba de todo , viaxar é o escravo que suxeita a coroa de loureiro sobre a cabeza do César, e que lle bisba na orella: *"Memento mori"*, para que non esqueza a súa irrelevancia. Se o pensamos ben somos irrelevantes no Universo.

Xunguido ao anterior e desmitificando ese concepto de *morriña*, que semella apegado á natureza galega, nalgunha desas viaxes ficarías no lugar visitado esquecendo o anhelado de retorno?

Ás veces penso que si pero, realmente, non. Eu preciso da miña terra, preciso do meu mar, da miña xente, preciso do Nilo, preciso do Corno de Ouro, preciso de Gelidonya... Todo o mundo é a miña casa pero son eminentemente Atlántica, como son *"afoghacristos"* e non podo renegar da nosa costa.

Aínda lembro cando volvía á casa dende Santiago e ao chegar a Carril dende o tren *"ollaba Cortegada deitada no mar"*. Teño chorado máis dunha vez da emoción.

Mais o regreso acontece, e daquela o mecanismo da memoria lévate a reproducir o vivido, o sentido, e non só a través da imaxe senón coa suma da palabra. Así aparecen estruturados boa parte dos teus poemarios. Aínda que unha imaxe non vale máis ca mil palabras ou ás veces si?

No meu caso a imaxe e a palabra xorden coma complemento á emoción. Agás en ocasións moi concretas, nas que a imaxe está na miña testa coa palabra, e procuro reproducila logo.

E non, unha imaxe non vale máis que mil palabras porque os matices que non se ven hai que contalos; a imaxe non ole, non ten son, nin tacto; como podería a vista suplir os outros sentidos? Pois coa palabra.

Di o poeta Mieczyslaw Jastrun que *a esixencia de que a poesía sexa inmediatamente comprensible para todo o mundo é verdadeiramente absurda*. Que opinas diso? E que trazo procuras deixar a través da túa poesía?

Pois como todas as cousas: as matemáticas non son comprensibles para todo o mundo, a astronomía tampouco...

A poesía pode ser un puro xogo de complexa estrutura e entón claro que podería ter difícil comprensión; cada un fai a súa escolla á hora de escribir e á hora de ler. Quen son eu para opinar da escolla de cada quen?

Persoalmente, a miña poesía sempre quere contar algo e desencadear algunha emoción; mais como exercicio de comunicación a poesía para min ten que entenderse, aínda que eu logo adore a Góngora e respecte, enormemente, á xente que opina e exerce o contrario.

Non penso xamais na pegada senón no camiño, á fin o trazo vaino marcar o tempo, está fóra das miñas mans e do meu interese.

A Andrea autora é un transunto da Andrea que vive máis aló da escrita ou cada unha delas ten a súa propia senda? É preciso ese distanciamento para non contaminar a finalidade textual?

Creo que a imaxe católica da Trindade (ou un trastorno de multi-personalidade, depende como o vexas) representa moi ben a cousa.

Nada, do que eu son, vive de xeito totalmente independente, somos un grupo simbiótico. Se non te contaminas, pouco aprendes. Non hai máis proceso que a emoción embuída das cousas que vexo, onde se reproduce un exercicio de empatía absoluto, onde o proceso de escrita supón respirar, case non é consciente.

Escritora do mes de outubro pola AELG, gañadora de distintos premios literarios e con varios libros publicados, como é iso de ter que valorar outras escritas cando toca a tarefa de xurado? E tendo iso en conta, como ves desde dentro a situación actual da literatura galega? (Non esquezamos nos últimos tempos a traxectoria de premios nacionais en eidos como a poesía, a narrativa, o cómic...).

Cando formo parte dun xurado sei da responsabilidade e asúmoa; entendo que nas miñas mans está o traballo, o esforzo e ata algún que outro soño de alguén. Así que o primeiro para min é o respecto por todo isto e, logo, a avaliación estrita da obra. escoitar o poemario é fundamental. Falando, non lembro con quen, destas cousas dicíame que había poemarios tecnicamente perfectos pero que nin contaban nin emocionaban, mais estaban tan ben feitos!

É un dilema duro de resolver, creo que ser tecnicamente perfecto está moi ben pero, se non transmite nada, non me serve; para explicalo mellor, un poemario é unha bolboreta, ten que voar, mentres que un poemario tecnicamente perfecto pero que non emociona é unha bolboreta de coleccionista, perfecta pero morta nun cadro.

Falábase, recentemente, de se os premios literarios deberían facerse a plica aberta. Eu respondo, rotundamente, que non. Como persoas temos os nosos afectos e non podemos deixar que iso inflúa na avaliación das obras presentadas a concurso. O que diga que *“é rigoroso e non lle afecta”*, mente, ademais, que opcións terían aquelxs aos que non coñece ninguén, fronte a xente consagrada? Ningunha!

Eu só publiquei vía premios, non souben facelo doutro xeito pero voulle reprochar (sen acritude) ás editoras a deixación dunha das súas funcións máis importantes, que é a de avaliar os textos que lle chegan sen ler o nome de quen os asina. Non vou abondar nisto, pero a miña pregunta é: canta obra de autoría novel se publica ao ano?

Os premios, se cadra, son a mellor porta de entrada para as voces novas.

Por outra banda, a literatura galega non é que estea nun momento excelente, xa leva moitos anos nese nivel, o que sucede é que se ve agora con estes premios- O meu medo é que acabe morrendo de éxito.

A arte cumpre unha función sandadora, é certo, mais hai outras necesidades vitais que proveer. O cemiterio está cheo de imprescindibles pero, simbolicamente, hai máis dunha lousa neles que pon: *Aquí xace a poesía de alguén, de quen xa non lembramos o nome, e ese nome pode ser o noso.*

Volvendo á temática da primeira interrogante, observo que nos teus textos poéticos sempre gurgulla o compromiso, a empatía, como un acto de comunicación sen fisuras no que mantés acesas azos de emoción e conmoción. O que non impide que ese compromiso se traslade á parte estética da túa linguaxe poética. Pero non deixa de ser unha opinión allea, por iso agradecería a túa sobre este tema.

A esta pregunta vouche responder como dixo Lino Silva (un ARTISTA de Cambados que faleceu recentemente), non teño nin idea. Só sei que, falamos antes de que son un ser simbiótico, o meu compromiso humanista e a miña ollada do mundo están presentes en todas esas faccións de min mesma. A miña obra é diversa e comprometida nalgún caso, pero ás veces xogo, porque quero xogar para non perder a meniña que habita en min e transmitir a importancia desa infancia que latexa en cadaquén.

Cando sae do prelo unha obra literaria, deixa de ser propiedade íntima dxs autorxs e, a interpretación dxs lectorxs, é o que vale.

Como quedaron moitas cuestións das que poderíamos falar, que pregunta te farías a ti mesma? E a súa contestación, claro.

Porque non calarás máis, Andrea? Pois porque non son quen de facelo, a pesares da advertencia de miña avoa que dicía que quen ten a lingua aguda ten a costela dura. Dura non sei, pero doente seghuro.